

INSTRUCCIÓN

MUSEO EN TEST!



Estamos ante unha actividade didáctica para a descuberta do Museo. Está pensada como un achegamento lúdico as nosas salas, a partir da cal poderedes traballar diferentes contidos relacionados coa etnografía, a historia, a bioloxía, etc.

- Aínda sendo un xogo autónomo, tedes que ter a reserva confirmada polo persoal do Museo. Podedes solicitala en servizosdeac@museodopobo.gal
- O xogo realízase baixo a dirección do persoal docente do centro educativo, que deberá ter en conta as suxestións do persoal de sala e recepción do Museo.
- O grupo ten que estar formado por un máximo de 25 alumnas/os. A súa vez, faranse pequenos grupos de alumnos e alumnas (recomendamos máximo 5 alumnas/os) que levarán unha copia da folla de ruta coas pistas e un lapis ou boli.
- Se sodes máis de 25 teríades que facer diferentes quendas horarias.
- O Centro Educativo terá que traer as copias dos materiais impresas máis os bolígrafos.
- É importante, antes de comezar o xogo, presentar o Museo ao alumnado e lembrarilles a súa responsabilidade cun patrimonio que é de todas as persoas. Tamén deles e delas. [Pinchando aquí podedes facer unha visita virtual polo Museo.](#)
- As pistas teñen tres opcións de resposta. Terán que atopar a correcta seguindo as indicacións de cada enunciado.
- Enviamos dúas follas de ruta que conteñen algunhas pistas diferentes. O obxectivo é evitar que se concentren todos e todas diante do mesmo obxecto . No reparto destas follas aos pequenos grupos, debedes alternar: ao grupo 1 o Itinerario I, ao grupo 2 o itinerario II e así sucesivamente.
- Deberán procurar as pistas seguindo o itinerario trazado polo Museo con frechas amarelas.
- Na procura das pistas primará o traballo cooperativo tentando a distribución de tarefas entre os e as alumnas que integren cada equipo, deixando claro que non hai premio, nin gaña ninguén, pois do que se trata é de facer a visita ao Museo dun xeito máis ameno.
- Ao remate do xogo é conveniente realizar unha posta en común das pistas para fixar coñecementos, aclarar dúbidas e avaliar a actividade. Recomendamos no claustro, igrexa ou praza de entrada ao Museo. Podedes acordalo co persoal de recepción ao chegardes ao Museo.
- Lembraide que ante calquera dúbida, consulta ou incidencia, o persoal de sala e de recepción está aí para axudarvos.